

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE MOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA IV EDICIÓN DO PROGRAMA QUEDA EN MOS

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, actuando en exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra, Nidia María Arévalo Gómez, alcaldesa do Concello de Mos, que actúa en nome e representación do dito concello e facultada para ese outorgamento en virtude do disposto no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As partes, na representación que ostentan, teñen capacidade legal para asinar este convenio de colaboración e, na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, en adelante, a consellería, é o órgano encargado de exercer as competencias que en materia de comercio interior atribúe á nosa comunidade autónoma o artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia de acordo co disposto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establece que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de comercio interior. Dentro destas cabe sinalar, especificamente, a promoción, o fomento, a modernización, o desenvolvemento do comercio e a programación e xestión de axudas destinadas a estes fins, o impulso do asociacionismo comercial e da asistencia técnica comercial en colaboración con outras institucións e entidades.

Segunda.- O Concello de Mos, en adelante, o concello, en uso das competencias atribuídas polo artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, ten a firme vontade de fomentar, entre outras actuacións a competitividade e dinamización do pequeno comercio de proximidade.

Terceira.- Galicia presenta unha riqueza que merece ser preservada, tamén dende o punto de vista comercial, garantindo unha dotación comercial suficiente, potenciando a competitividade, a dinamización e a estrutura dos establecementos comerciais e



procurando o equilibrio da oferta comercial do territorio, a garantía do abastecemento da poboación e a mellora da comercialización dos produtos autóctonos.

A situación do pequeno comercio polo miúdo, que é un dos principais motores da nosa economía, incide de forma importante no desenvolvemento económico e social global, así como na mellora do estado de benestar e das condicións de vida de toda a cidadanía. Ademais, o comercio tradicional está sometido a un profundo proceso de cambio que esixe realizar un esforzo de renovación e adaptación continuo.

Por isto, é importante que todas as administracións públicas contribúan con todos os recursos necesarios á mellora e ao desenvolvemento do sector comercial para acadar a súa plena competitividade no mercado. Deste xeito, o comercio retalista poderá afrontar os retos e superar os obstáculos que se lle presentan habitualmente e que dificultan a súa continuidade, mantendo a súa posición como motor das economías locais e rexionais e o seu papel xerador de riqueza, cohesión social, emprego e calidade no sector terciario.

Con tal finalidade, a consellería apoia e incentiva os proxectos que xeren e fomenten a eficiencia, a competitividade e a modernidade do comercio galego e, neste caso, por medio da iniciativa promovida polo Concello de Mos a través do Programa Queda en Mos.

Cuarta.- O obxectivo do Programa *Queda en Mos* é darlle visibilidade ao comercio mosense e potenciar o crecemento comercial local, sendo as persoas consumidoras parte activa e fundamental para a reactivación económica do seu comercio de proximidade.

Este proxecto persegue, ademais, defender os intereses comúns dos establecementos comerciais locais e facilitar a autoxestión diaria das persoas comerciantes, pondo a súa disposición, a formación e información necesarias para consolidar o comercio mosense como un comercio de confianza, proximidade e calidade.

Por outra banda, o crecemento poboacional que se está a producir no concello e a dispersión comercial existente conlevan a necesidade de incrementar os servizos comerciais existentes e promover a acción de dinamización e revitalización comercial que contribúan a construír un sector forte, moderno, competitivo e dinámico que satisfaga as necesidades e as demandas das persoas consumidoras. É por isto que o concello ten a firme vontade de fomentar a reactivación económica e social no ámbito local promovendo e dinamizando o pequeno comercio de proximidade a través da celebración da IV edición do Programa Queda en Mos.

O desenvolvemento deste programa considerase de grande interese xa que contribuirá a fomentar a competitividade e a modernidade do comercio mosense. En definitiva, permitirá que os/as comerciantes poidan dar resposta ás esixentes demandas das persoas consumidoras, fomentando así o consumo no comercio de proximidade con preferencia a outras formas de compra como poden ser as grandes áreas comerciais ou a compra en liña. Ademais, outro beneficio deste programa é a concienciación as novas xeracións sobre o consumo no comercio local así como a captación da clientela xove por parte do sector comercial retalista.

Neste contexto, xurde a necesidade de colaborar co Concello de Mos para o desenvolvemento da IV edición do Programa *Queda en Mos* co fin de potenciar o crecemento e o fortalecemento da actividade comercial do concello e conseguir que o comercio tradicional volva situarse na posición histórica que tradicionalmente veu desempeñando no desenvolvemento económico e social das vilas e cidades galegas.



En consecuencia, existen razóns de interese público, social e económico que xustifican conforme aos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a colaboración da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no financiamento deste convenio para a concesión dunha subvención directa de carácter singular ao Concello de Mos.

Este convenio axústase ao disposto nos artigos 47.1 e 50.1 da Ley 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, relativos aos tipos de convenios e trámites necesarios para a súa formalización, así como ao disposto no artigo 6 Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, relativo a natureza non contractual, xa que as partes intervenientes non teñen vocación de mercado, a súa finalidade é garantir a prestación dun servizo público e a súa colaboración persegue unicamente o interese xeral.

Por todo isto, as partes consideran que a reactivación económica e social da economía local e a dinamización do pequeno comercio de proximidade precisan dunha posta en valor dos recursos para favorecer a súa visualización e proxección, e dado o interese coincidente da consellería e o concello, acordan a formalización deste convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a consellería e o concello para o desenvolvemento da IV edición do Programa *Queda en Mos*.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento total ascende a trinta mil euros (30.000,00 €), que achegará integramente a consellería con cargo á aplicación orzamentaria 14.06.751A.761.3, proxecto de investimento 2015/00275, modalidade de financiamento 1010, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, existindo crédito adecuado e suficiente para financiar as actuacións obxecto deste convenio.

Na execución do presente convenio realizaranse as seguintes actuacións, cos custos e contidos que se relacionan e de acordo coa desagregación que se indica no anexo:

ACTUACIÓNS	IMPORTE
Liña 1.- Instalacións e subministros:	17.000,00 €
Alugueiro das instalacións	12.000,00 €
Soporte electricidade	2.000,00 €
Soporte son e alugueiro equipos	3.000,00 €
Liña 2.- Marketing e contratacións:	13.000,00 €
Publicidade e merchandising	1.500,00 €
Artistas e animación	11.500,00 €
Total	30.000,00 €

Calquera contracción do gasto que se orixine como consecuencia deste convenio deberá contar coa fiscalización previa da consellería e, por tanto, sometida á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente.

Terceira.- *Gastos subvencionables*

Consideraranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos necesarios para desenvolvemento da IV edición do Programa *Queda en Mos*.

De acordo co previsto no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos e investimentos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 10 de decembro de 2026.

En concreto, para este convenio serán subvencionables:

- Os gastos de instalacións e subministro (alugueiro do escenario e outro material de instalacións, soporte para a electricidade e soporte de son e alugueiro de equipos).
- Os gastos derivados das actuacións de marketing e contratacións (publicidade e merchandising, artistas e animación infantil).

O custo de adquisición dos gastos subvencionables non poderá ser superior, en ningún caso, ao valor de mercado.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Cuarta.- *Obrigas da consellería*

A consellería comprométese a librar a achega que corresponda unha vez que o concello presente a correspondente documentación xustificativa e sexa aprobada polos órganos competentes da consellería.

Quinta.- *Obrigas do concello*

O concello, para poder obter a condición de beneficiario neste convenio, deberá cumprir as seguintes obrigas:

- Presentar declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Xustificar que se atopa ao día na rendición de contas xerais diante do Consello de Contas de Galicia de acordo co previsto no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvenciones ás entidades locais galegas.

En todo caso, o concello quedará suxeito ao cumprimento das obrigas impostas polo artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como ás demais que

resulten concordantes á vista do réxime xurídico aplicable ás subvencións públicas; e, en especial, ás seguintes:

- Xestionar e executar os investimentos sinalados neste convenio que fundamentan a concesión da subvención.
- Xustificar ante a consellería, no tempo e forma que correspondan, o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención, así como a realización das actividades e o cumprimento da finalidade das mesmas.
- Someterse ás actuacións de comprobación da consellería, así como a calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. En particular, facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Reintegrar, total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- Comunicar por escrito á consellería a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto se coñeza a dita obtención e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos en virtude do presente convenio.
- Comunicar á consellería o xurdimento ou a modificación de calquera circunstancia que afecte a algún dos requisitos esixidos para a concesión da subvención.
- Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento pola Xunta de Galicia en todas as actuacións que deriven da execución deste convenio, empregando os soportes mais adecuados á natureza dos investimentos en cumprimento do artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Subministrar á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, en virtude do disposto no artigo 4.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da dita lei por parte desta consellería.

Sexta.- Subcontratación

Permitirase a subcontratación do 100 % das actividades subvencionadas, agás que o impida a natureza das mesmas. A subcontratación regularase polo disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei, sen prexuízo de aplicar a disciplina de contratación pública se a beneficiaria cumpre coas condicións do



artigo 3.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para ser poder adxudicador.

As persoas contratistas quedarán obrigadas soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución do proxecto subvencionado fronte á Administración autonómica.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da obra, non aporten valor engadido ao seu contido.

Sétima.- *Relación con terceiros*

A subscrición deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a consellería, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

Oitava.- *Xustificación e pagamento*

1. A data límite para xustificar o investimento será o día 14 de decembro de 2026, data na que todos os gastos deben estar efectivamente realizados e pagados.

O concello estará obrigado a xustificar diante da consellería, con carácter previo ao pagamento da subvención, o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona no parágrafo seguinte e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

A conta xustificativa conterá:

a) Certificación expedida pola secretaría do concello, co visto e prace da alcaldesa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada o cumprimento da finalidade da subvención e os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Sen prexuízo do previsto na letra c) do artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.



c) No seu caso, os tres orzamentos esixidos en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

2. Condicións de pagamento:

As facturas e/ou demais documentos xustificativos, incluídos os xustificantes de pago, non poden ter data posterior á establecida para a xustificación das actuacións.

A documentación sinalada nas condicións específicas presentarase na consellería, Dirección Xeral de Comercio e Consumo, que emitirá certificación acreditativa do cumprimento das actuacións subvencionadas.

A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto deste convenio.

O libramento da achega pola consellería levarase a cabo unha vez que o concello presente a correspondente xustificación e sexa aprobada polos órganos competentes da consellería.

A achega da consellería minorarase porcentualmente no caso de que o concello non xustifique o orzamento total que figura na cláusula segunda, sempre que estea garantida a consecución do obxecto do convenio ou, de resultar a concorrência con outras axudas, sempre que a contía total supere o custo do investimento.

3. Pagos anticipados:

Poderá aprobarse o pago anticipado de ata un límite do 80 % do importe concedido, logo da solicitude e xustificación da súa necesidade polo concello. A concesión do anticipo quedará condicionada ao cumprimento por parte do beneficiario dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

O concello quedará exento da prestación de garantías en relación cos pagos anticipados previstos neste convenio conforme ao disposto no artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Novena.- *Compatibilidade das axudas*

A axuda concedida ao abeiro deste convenio será compatible con outras axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade sempre que o importe total das subvencións concedidas non supere o custo das actividades subvencionadas.

Décima.- *Perda do dereito ao cobro e reintegro*

Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falla de xustificación do cumprimento do convenio ou incumprimento.

Incumprimento parcial



Aínda que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro. Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do investimento subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción.

Incumprimento total

Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 65% do investimento subvencionable, entenderase que o dito incumprimento é total e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución á que se refire o parágrafo anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ao concello beneficiario da subvención regulada neste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do seu regulamento.

Décimo primeira.- *Modificación e resolución*

Modificación

Toda alteración das condicións a ter en conta para a concesión da axuda poderá dar lugar á modificación do convenio nos termos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As devanditas modificacións deberán formalizarse a través da correspondente addenda e someterse aos requisitos previstos no citado artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado unilateralmente pola Administración cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Resolución

Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- O acordo expreso e escrito das partes.
- O incumprimento total ou parcial por algunha das partes de calquera das prescricións contidas no convenio.
- A denuncia escrita formulada por calquera das partes.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas no convenio.



Décimo segunda.- *Publicidade e inscrición no Rexistro de convenios*

O convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co disposto no antedito artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo.

En cumprimento do disposto nos artigos 18, 20.2 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo terceira.- *Protección de datos de carácter persoal*

Na execución deste convenio respectarase a normativa vixente en materia de protección de datos. As partes comprométense a cumprir o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As partes comprométense a adoptar as medidas de carácter técnico e organizativo precisas que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda de tratamento e acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos aos que están expostos, proveñan da acción humana o do medio físico ou natural.

Décimo cuarta.- *Comisión de seguimento*

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, constituirase unha comisión de seguimento que adoptará os seus acordos por consenso e estará integrada por dúas persoas representantes da consellería e dúas en representación do concello.

A comisión constituirase a petición de calquera das partes e as súas funcións serán velar polo cumprimento do convenio e propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións.

Décimo quinta.- *Vixencia*



O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026, sen que se prevea a posibilidade de prórroga do mesmo.

Décimo sexta .- *Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente*

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación, se ben se aplicarán os principios e criterios do dito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e, ademais, polos preceptos básicos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo que a desenvolve, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, seranlle de aplicación as demais normas de dereito administrativo aplicable ou, no seu defecto, as derivadas do dereito privado.

En consecuencia, correspóndenlle á consellería as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución, reintegro e nulidade deste convenio, así como resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento. Os acordos correspondentes porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos, sendo impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as súas estipulacións. E, como proba de conformidade, subscríbese no lugar e data indicados na cabeceira.

Pola Consellería de Emprego, Comercio e
Emigración

Polo Concello de Mos

José González Vázquez

Nidia María Arévalo Gómez



ANEXO

ACTUACIÓNS	IMPORTE
Liña 1.- Instalacións e subministros:	17.000,00 €
Alugueiro das instalacións (escenario, carpas, e outras instalacións e suministros, como decoración teito, mobiliario recepción, ...) para a montaxe do mercado local que se vai celebrar no espazo do Pazo de Mos no mes de decembro co obxectivo de darlle visibilidade ao comercio mosense e reactivar a economía local.	12.000,00 €
Soporte electricidade (suministro de soportes electrónicos/eléctricos), co obxectivo de facilitar ao comercio local a decoración lumínica e subministrar a electricidade necesaria para os stands así como para as actuacións previstas no espazo local.	2.000,00 €
Soporte son e alugueiro equipos co obxectivo da dinamización do evento (actuacións, sorteos)	3.000,00 €
Liña 2.- Marketing e contratacións:	13.000,00 €
Publicidade e merchandising: sinalización do evento, difusión nos medios, publicidade exterior, cartelería e material de publicidade merchandising (bolsas, chapas personalizadas...) ; cuñas de radio e cobertura fotográfica. O obxectivo é consolidar a marca creada en eventos anteriores, co que se identifica o mercado local.	1.500,00 €
Artistas e animación, con actuacións musicais infantís, e para tódolos públicos co obxectivo de atraer ás familias ao encontro do comercio. Estas actuacións animan á participación no evento e dan visibilidade á oferta do comercio local de Mos.	11.500,00 €
Total	30.000,00 €